

## **COMUNICADO DE CIG-ENSINO, STEG e CSIF-ENSINO CHAMANDO Á FOLGA AO PROFESORADO E A PARTICIPACIÓN MASIVA NA MANIFESTACIÓN DO MARTES 24 DE OUTUBRO EN COMPOSTELA**

A Consellaría de Educación decidiu dar carpetazo co acordo asinado recentemente con tres sindicatos ás demandas que durante anos vén mantendo o profesorado galego. Fíxoo cunha negociación acelerada. Pechou en falso un acordo que se atreveu a cualificar como “histórico” cando deixa tirado o profesorado que non ve cumpridas as súas expectativas de abandonar o “furgón de cola” do Estado no que se refire ao horario lectivo que ten que afrontar.

As medidas que incorpora o acordo son totalmente insuficientes cando non directamente insultantes. Que se limite a unha redución de 23 horas lectivas no canto de recuperar as 21 en infantil e primaria, que nin se trate a recuperación do horario lectivo do profesorado de secundaria e outras ensinanzas, que a aplicación da redución das ratios en primaria se estenda a nove anos, que nin se poida afirmar cando comezará e rematará a redución de ratios na ESO ou o Bacharelato e que nin se fale das demais ensinanzas ou que non haxa nin a primeira medida efectiva para reducir a burocracia e a carga excesiva de traballo que implica no profesorado, son exemplos contundentes como para afirmar que se algo de “histórico” ten o acordo é, por parte da Consellaría, a falta de resposta ás demandas laborais do persoal docente e, por parte de quen o asina, na renuncia á manter a defensa do que desde hai moitos anos todas as organizacións sindicais tiñamos en común.

O apartado retributivo do acordo agrava aínda máis a división do profesorado presente en todo o documento. É a primeira vez desde 1990 no que un acordo incorpora subas que non teñan un carácter equitativo e lineal, provocando que a inmensa maioría do profesorado vaia ter unha suba inferior á que podería conseguir cun reparto por igual entre todas e todos.

A negociación na Mesa Sectorial contou co apoio dunha minoría sindical (CCOO, ANPE e UGT suman sete representantes por oito da CIG-Ensino), o que é unha falta de respecto da Xunta á vontade maioritaria do profesorado. Esa minoría sindical é aínda máis exígua se temos presente que as organizacións contrarias ao presente acordo e que nos mobilizamos para melloralo (CIG-Ensino, STEG e CSIF-Ensino) sumamos o 59% dos delegados e delegadas electas nas últimas eleccións sindicais.

As tres organizacións sindicais que amosamos o noso rexeitamento a este acordo, coa firme vontade de superalo, consideramos que non pode quedar sen resposta e que esta debe ter o profesorado como protagonista. De aí que anunciemos no día de hoxe a chamada conxunta a participar na folga convocada para o martes 24 de outubro e a encher as rúas de Compostela na manifestación que partirá ás 12 hora da Praza de Cervantes.

As tres organizacións demandamos unha negociación coa Consellaría para dar cumprida resposta ás demandas que desde hai anos compartimos como sindicatos cun enorme respaldo do profesorado, superando un acordo no que se renunciou á recuperación dos nosos horarios e no que é preciso introducir melloras en prazos aceptábeis e sen dividir o profesorado:

- Recuperación dos horarios de 18 e 21 horas nun máximo de 2 cursos
- Redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no 2024/25 e con aplicación como máximo no remate de cada etapa.
- Aplicación de medidas inmediatas (curso 2024/25) para a redución da burocracia: aumento das horas de liberación para cargos directivos, de coordinación e titoría e aumento de persoal administrativo .
- Reparto lineal da masa salarial comprometida pola Consellaría entre todo o profesorado.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023

